

**PLAN  
DE  
ACOLLIDA**

**CEIP DE AGOLADA**

ÍNDICE	Páxina
I.Introdución	4
II.Destinatarios	5
III.Objectivos	5
IV.Fases do plan de acollida:alumnos procedentes doutros centros e alumnado inmigrante coas súas respectivas familias	6
1. Xustificación	6
2. Que é un plan de acollida?	6
3. Obxectivos do plan de acollida	7
4. Acollida do alumno no centro	7
4.1. Primeira toma de contacto da familia co centro	7
4.2. Información ás familias	8
4.3. Recollida de datos e información ás familia	8
4.4. Itinerario de escolarización	9
4.5. Orientación e asesoramento	9
4.6. Traspaso da información	10
4.7. Relación con outros servizos	10
5. Acollida do alumno na aula	11
5.1. Designación do alumnado titor	13
5.2. Suxestións de actividades na aula	14
5.3. Exemplos concretos de actividades na aula	15
5.4. Orientacións metodolóxicas	17
5.5. Observación inicial do alumno	17
6. Avaliación do alumnado	17
7. Decisións de intervención didáctica	18

V.fases do plan de acollida:alumnos que se incorporan por primeira vez ao sistema escolar e as súas familias	19
VI.fases do plan de acollida:profesores,outros profesionais e persoal non docente do centro	19
VII.avaliación do plan de acollida	20
Anexos I e II	21-23

## **I.- INTRODUCCION**

O Plan de Acolida debe entenderse como un conxunto de actividades dirixidas a conseguir que o noso Centro Escolar sexa para os novos alumnos e alumnas un lugar cálido e seguro no que se faciliten nas mellores condicións posibles, o complexo proceso de adaptación mutua:os que chegan e os que reciben.

É un feito que a nosa realidade social e económica está variando substancialmente. Estamos asistindo a unha crecente pluralidade sociocultural derivada, en boa medida,de movementos migratorios.Se é importante que os novos alumnos se sintan acolidos,é especialmente no caso dos alumnos emigrantes. Pola súa orixe e procedencia,estes nenos teñen que afrontar un forte choque cultural e nalgúns casos teñen un escaso ou nula coñecemento do español.O coñecemento da lingua do país de acolida é un vehículo esencial para favorecer a integración social do inmigrante,supón para el unha necesidade de primeiro orde e é a maior dificultade sinalada polos profesores.É fundamental o papel da escola na socialización do neno e o seu desenvolvemento persoal.O Centro debería facilitar o seu acceso a sociedade,o coñecemento da lingua,a sua relación entre iguais e a sua promoción educativa.

En concreto no referido ao alumnado inmigrante,veñen recollidos no Título V da lei 1/1990 de 3 de outubro,de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, e Real Decreto 299/1996 do 28 de Febreiro, a ordenación de accións dirixidas á compensación de desigualdades en educación destinadas a regular as medidas que permitan previr e compensar as desigualdades en educación derivadas de factores sociais, culturais ou de calquera outro tipo, reforzando aquelas de carácter ordinario e promovendo outras extraordinarias.

Dende a nosa experiencia como docentes valoramos a importancia da primeira toma de contacto que o alumno ten cando chega ao Centro. Por iso parécenos fundamental preparar este momento para conseguir unha integración adecuada.

A acolida e escolarización,así como a aprendizaxe da lingua son responsabilidade de todo o Centro.Isto fainos hospitalarios, aprendemos a convivir na diversidade e enriquecémonos con esas relacións.

Unha escola flexible que sabe atender, respectar e valorar a todo o alumnado apreciará como un agasallo a presenza doutras culturas, outras linguas e outras perspectivas.

## **II.-DESTINATARIOS**

- a) Alumnado inmigrante e as súas familias.
- b) Alumnos procedentes doutros centros e as súas familias.
- c) Alumnos que se incorporan por primeira vez ao sistema escolar e as súas familias-
- d) Profesores, outros profesionais e persoal non docente do Centro.

## **III.-OBXECTIVOS**

- a) Introducir na organización escolar os cambios e recursos necesarios para que poida realizarse un proceso de aceptación-adaptación-integración do alumnado de nova escolarización, de forma coherente.
- b) Motivar a toda a Comunidade Educativa para crear un ambiente escolar favorable, no que os alumnos se sintan ben recibidos.
- c) Favorecer o desenvolvemento, o equilibrio persoal e a autoestima dos nosos alumnos e alumnas.
- d) Establecer un clima ordenado e acolledor que favoreza a interrelación entre compañeiros.
- e) Potenciar os aspectos de enriquecemento que aportan as diferentes culturas, desenvolvendo aqueles relacionados co mantemento da súa.
- f) Conseguir que o alumno novo comprenda o funcionamento do Centro e se adapte aos compañeiros e aos profesores.

## **IV.-FASES DO PLAN DE ACOLLIDA:ALUMNOS PROCEDENTES DOUTROS CENTROS E ALUMNADO INMIGRANTE COAS SÚAS RESPECTIVAS FAMILIAS.**

### **1 .XUSTIFICACIÓN**

A incorporación dun alumno/a que vén do estranxeiro adoita ir precedida dunhas connotacións especiais que non se dan no caso da incorporación doutro tipo de alumnado. A súa chegada, cada día máis frecuente e variada, fai necesario establecer medidas de atención específica axeitadas ás súas necesidades, e unha delas, consiste en axustar a acollida que se lles vai dispensar. De que estas medidas sexan adecuadas, comezando polo Plan de Acollida, dependerá que este alumnado acade rapidamente unha boa integración escolar e que, non menos importante, os demais se enriquezan co coñecemento de novas culturas e costumes, e aprendan na convivencia os valores da tolerancia e respecto mutuo.

### **2.QUE É UN PLAN DE ACOLLIDA?**

Un Plan de Acollida é un conxunto de actuacións que un Centro educativo pon en marcha para facilitar a adaptación do alumnado inmigrante que se incorpora ao Centro. Coa finalidade de sistematizar estas actuacións, é recomendable que queden recollidas nun documento de referencia para todo o equipo docente.

Estas orientacións fan referencia á acollida do alumnado que provén doutros países, e que debe levar a cabo un proceso de adaptación escolar e de aprendizaxe da lingua. A concreción das actividades de cada Plan de Acollida estará en función do contexto e da realidade de cada Centro, das características do profesorado e do alumnado, individual e en grupo, así como das familias.

As condicións escolares do alumno e socioeconómicas da familia poden ser moi diversas, pero , en todo caso é necesario un proceso de adaptación que facilite as actuacións de acollida.

### **3. OBXECTIVOS DO PLAN DE ACOLLIDA**

A finalidade dun Plan de Acollida para o alumnado inmigrante é facer dos primeiros días no centro unha situación máis fácil e máis humana e, en consecuencia, lograr con facilidade a súa integración escolar. Para isto, deberanse establecer os seguintes obxectivos:

- Asumir como centro, dun xeito global, o deseño e posta en práctica das respostas educativas que precisa este alumnado.
- Favorecer para eles unha adaptación progresiva ao centro.
- Conseguir que os pais e o propio alumnado estean informados do funcionamento e organización do centro educativo.
- Fomentar actitudes de respecto cara a estes alumnos e alumnas e facilitar o proceso da súa integración.

O Plan de Acollida que formará parte do Proxecto Curricular dentro do Programa de Educación Intercultural estará incluído no Proxecto Educativo de Centro que será o marco xeral.

### **4.ACOLLIDA DO ALUMNADO NO CENTRO**

#### **4.1.PRIMEIRA TOMA DE CONTACTO DA FAMILIA CO CENTRO**

O primeiro contacto co centro prodúcese o día que os pais ou titores legais do alumno/a achéganse ao centro para a súa matrícula. Será o secretario/a o encargado de realizar este primeiro contacto, como é habitual con calquera alumno. A familia será atendida con tempo suficiente para o adecuado

intercambio de información, sendo conveniente que o alumno/a estea presente.

Este primeiro contacto, será acolledor, colaborador, respectando no posible os códigos culturais, de forma que nos permita coñecer a identidade do alumno/a. Este primeiro contacto marcará no futuro a relación familia – escola. A relación entre a familia e a escola será así máis fluída.

#### **4.2. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS**

Unha vez feito o trámite da matrícula, o secretario/a procederá a informar á familia sobre outras cuestión da organización do centro:horarios, períodos de vacacións, normas internas, asistencia, sistema de avaliación, hora de atención a país, material escolar necesario, actividades extraescolares, etc. No caso de ser necesario facilitaráselle esta información por escrito preferiblemente traducido ao seu idioma. Se é posible nese momento presentaráselle tamén ao titor/a do neno/a.

Tamén se lles informará sobre a existencia dos servizos sociais do concello, por se non coñeceran a atención que poden atopar alí.

Ao remate desta entrevista, o secretario/a ensinará aos país e ao alumno/a as instalación máis representativas do centro, coma son a aula, biblioteca, ximnasio, secretaría e dirección. Este é o momento en que os país coñecen o lugar onde deixarán ao seu fillo/a a maior parte do día.

#### **4.3.RECOLLIDA DE DATOS E COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS**

No momento da matrícula e mediante unha entrevista inicial pódese aproveitar para recoller da familia unha información máis precisa sobre a súa procedencia, lingua, escolarización previa, situación laboral e familiar e intencións de futuro, de modo que estes datos recollidos nun protocolo (ANEXO I) axuden a determinar as súas necesidades educativas.



#### **4.4. ITINERARIO DE ESCOLARIZACIÓN**

Como primeira medida, e segundo establece a normativa, o alumno ou alumna que se incorpora ao noso sistema educativo, escolarízase no curso que lle corresponde pola súa idade, aínda que, pola información recollida, se presupón un gran desfase curricular ou non se poida determinar cales son os seus coñecementos porque non fala as nosas linguas.

Hase de ter en conta que nun grupo de idade homoxéneo é máis fácil a socialización e que a relación cos seus iguais facilita a adquisición das pautas de comportamento. Pero se o desfase dos coñecementos é grande, valorárase a adscrición a un nivel por debaixo da súa idade. Cabe analizar e valorar a dinámica do grupo no que se ten que integrar e se hai outros alumnos inmigrantes na aula para evitar a concentración.

No caso de apreciar outras necesidades educativas especiais, ademais das asociadas á condición de procedencia estranxeira, o departamento de orientación realizará a avaliación psicopedagóxica pertinente.

Con estes datos da avaliación inicial do titor e da avaliación psicopedagóxica se fose necesaria establecerase cal das medidas de atención específica para o alumnado procedente do estranxeiro son as máis axeitadas neste caso concreto.

#### **4.5. ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO**

Como xa quedou reflectido no punto anterior pódese pedir a colaboración dos servizos e programas educativos, especialmente do programa de Educación Compensatoria e do Departamento de Orientación para o asesoramento nos seguintes aspectos:

- Realización da entrevista inicial e das reunión do alumno.
- Valoración dos diferentes criterios de adscrición do alumno no curso.
- Avaliación do novo alumno mediante probas de coñecementos previos e de lingua.
- Orientación sobre a planificación de aprendizaxes e as adaptacións curriculares necesarias.

- Aportación e adaptación de materiais.

#### **4.6. TRASPASO DA INFORMACIÓN**

A información que se ten do alumno débese por a disposición dos profesionais que van convivir co alumno .

- Ao titor para que prepare as actividades de acollida na aula.
- Ao profesor de educación especial, ao Departamento de Orientación.
- Aos profesores de Ciclo para establecer actuacións común.

Tamén podemos enumerar a información que é importante entregar aos país:

1. Calendario escolar (comezo do curso, final de curso, períodos vacacionais e días non lectivos)
2. Normas do centro (Lei xeral, Funcionamento, Normas de convivencia, etc.)
3. O titor ao que debe dirixirse e o seu horario de atención a país.
4. Asistencia (Deben respectar os horarios de entrada e saída do centro, cando o seu fillo non poida vir ao colexio debe comunícalo no centro e cubrir un impreso se ten que levalo do Centro xa que se acumula un número elevado de ausencias sen xustificar o Centro verase obrigado a comunicarllo ás autoridades pertinentes.)
5. Material escolar
6. Normas de Educación Física.
7. Profesor de apoio ( se fose necesario).
8. Existencia da Asociación de país e nais (onde pode participar e dende onde se programan actividades lúdicas e informativas).

#### **4.7. RELACIÓN CON OUTROS SERVIZOS: ADMINISTRACIÓNS LOCAIS, ASOCIACIÓNS, ETC.**

A finalidade de integrar, o máis pronto posible, escolar e socialmente o alumnado que procede do estranxeiro, así como ás súas familias, é unha tarefa que debe ser abordada interdisciplinariamente. Por iso as institucións poden achegar na socialización deste colectivo: información do mundo laboral e os seus trámites, posibilidades de mediación, actividades interculturais, etc.

Nese senso pode ser positivo coñecer e colaborar coas diferentes institucións como:

- ✓ Delegación do Goberno.
- ✓ Servizos Sociais
- ✓ Algunhas ONG próximas.

## **5.ACOLLIDA DO ALUMNO NA AULA**

Para un alumno que chega de fóra e, ás veces, co curso xa iniciado o primeiro día de clase é moi importante. A súa rápida integración dependerá en gran medida, de como se sinta acollido, de como se lle facilite o desenvolvemento polo centro e pola clase e de como de relacione estes primeiros días cos compañeiros e co titor.

O titor/a debe preparar este encontro sen deixar lugar á improvisación e a el correspóndelle:

- ❖ Proporcionarlle ao alumno que acaba de chegar unas pautas de vaia incorporando pouco a pouco.
- ❖ Que o neno/a coñeza os espazos da aula e os de uso común do centro.
- ❖ Que o grupo clase sexa o lugar prioritario para a súa integración social e afectiva, ao tempo que todos se enriquecen cos valores persoais e culturais do novo compañeiro ou compañeira.

Preparación: O titor ou titora debe coñecer ben a información que se ten sobre o novo neno e prever posibles dificultades.

Tamén preparará ao grupo-clase falándolles do novo compañeiro e da súa orixe e cultura e por riba de todo estimulando neles que o acollan dun xeito o máis positivo posible.

Recepción: Se o primeiro día o novo alumno ven acompañado dun familiar a dirección do centro xunto co profesor titor daralle a benvida e presentaranse. Excepcionalmente e segundo a idade, pódese permitir ao familiar que o acompañe á aula. Se descoñece a lingua e no centro hai alguén que coñece a súa, convén que participe na benvida e lle traduza nos primeiros momentos de saúdos e presentación.

Presentación e relación cos compañeiros: Unha vez na clase o primeiro que se fará será presentalo aos compañeiros dun xeito natural e acolledor incluso pódese usar un xogo para aprender os nomes dos compañeiros. É importante que o grupo estea motivado e se implique na acollida e utilizar aos líderes para apoiar a integración do alumno inmigrante encargándolles que lle presten axuda ou lle dean algunha explicación. Convén ter controlado este primeiro achegamento evitando o proteccionismo e erradicando actitudes de rexeitamento ou menosprezo.

Algunhas pautas de acollida na aula: Se o alumno/a non fala galego nin castelán haberá que buscar a comunicación dende o primeiro momento axudándonos de gráficas, debuxos, imaxes, xestos...

Hai que evitar que se sinta só, ensinarlle a escola, animalo a participar no recreo, axudarlle nas entradas e saídas, que saiba coller o autobús...

Para implicar a toda a clase resulta eficaz transmitir algunhas indicacións que favorezan a inmersión lingüística dos que acaban de chegar e a comunicación con eles:

- É importante falar correctamente e dun xeito natural para facilitar a súa comprensión.
- Non dar por boas as frases incorrectas, pensando que xa fan bastante esforzo; axudarlle a que as completen ben.
- Debemos colaborar e pronunciar ben para que aprendan por imitación.
- É importante falar co novo alumno/a, poñendo esforzo en enténdelo e facernos entender, e procurando que tamén se esforce, sen traducirlle todo.

En todo momento convirá ter en conta:

- Interpretar os tempos de silencio como algo natural na adquisición dunha segunda lingua.
- Aceptar os cambios de estado de ánimo e de ritmo de traballo, xa que veñen motivados pola adaptación á nova vida escolar con moito esforzo e con sentimentos encontrados.
- É posible que este alumnado, como todos, necesite sentirse apoiado e normalizado e non sempre é capaz. Considerar que seguramente

quere facer as súas achegas e levar responsabilidades como os demais.

Por todo isto, o titor ou titora é o referente principal e máis claro para este alumnado. Correspóndelle ser o dinamizador do grupo clase, facilitando a relación entre todos, apoiando en todo momento o novo alumnado para lograr a súa integración no prazo máis curto.

A colocación física do alumno será preto do profesor, tendo unha boa visibilidade de profesor e do taboleiro e cunha organización que facilite as interrelacións entre os alumnos, por exemplo en forma de “U”

### **5.1.DESIGNACIÓN DO ALUMNADO TITOR**

Coa finalidade de ter na aula unha pronta normalidade na aula, pódese asignar ao novo alumno/a, temporalmente, a figura do alumnado titor.

Durante os primeiros días, pode ser de utilidade que se lle asigne un compañeiro ou compañeira, que sexa unha persoa predisposta, acollidora e comunicativa, para sentar ao seu lado e axudarlle, o que chamamos alumnado titor. Pode ser fixo ou ir variando entre todos os da clase.

As principais función deste alumnado titor son:

- Facilitar a integración do alumnado estranxeiro, evitando o seu illamento inicial ou nos tempos de lecer.
- Presentalo a outros compañeiros e compañeiras, profesorado, persoal non docente, etc.
- Tratar de resolver as dificultades iniciais de comunicación.
- Orientalo sobre o funcionamento do centro: horarios, material de traballo, dependencias e espazos.
- Colaborar co titor comunicándolle as dificultades que detecte.

É importante que o alumno ou alumna designado como titor ou titora non esqueza ou retarde a súa traxectoria académica no desempeño temporal destas función. Para facer un seguimento desta tarefa, e darlle un carácter formal, podemos rexistrar a evolución nun sinxelo documento.(ANEXO II).

## 5.2.SUXESTIÓNS DE ACTIVIDADES NA AULA

O profesor titor establecerá a súa propia estratexia para que a dinámica da aula favoreza a acollida do alumnado que procede do estranxeiro e se integre no grupo con facilidade. En calquera caso, esta estratexia implicará novas formas de organización da aula, novas actividades ou cambios na metodoloxía, de maneira que a acollida sexa unha fase máis dentro dunha educación realmente intercultural. Quérese dicir, que as actividades e os cambios de dinámica para lograr unha integración do alumnado inmigrante non poden dirixirse só a este, senón a todo o grupo da titoría e desde aí estenderse a todo o centro.

Convén organizar algunha actividade inicial na que se prevexa que o alumno/a poida participar e que sexa para el significativa: xogos, presentación de murais, traballos con soporte visual, representacións.

Tamén é conveniente os primeiros días centrar o esforzo en preparar actividades que faciliten a avaliación inicial e amosen as habilidades e coñecementos básicos que posúe, de maneira que se poida establecer o seu nivel curricular. Para isto utilizamos formatos visuais, gráficos, debuxos, vídeos, etc, ou materiais manipulativos ou gráficos no caso das matemáticas. Trátase de organizarse para que o alumnado de incorporación tardía participe canto antes nas responsabilidades compartidas da clase.

É conveniente tamén xestionar os espazos e a dinámica da aula, que axuden as persoas que acaban de chegar e a todos a participar e favoreza a corresponsabilidade na aprendizaxe.

Así mesmo desenvolveremos actividades e situacións que permitan a aprendizaxe cooperativa: formar grupos con membros de diversas capacidades, de distintas etnias ou culturas, nos que o alumnado estranxeiro achegue aspectos da súa cultura e os costumes da súa escola anterior.

É importante facer participar ao novo alumnado activamente naqueles aspectos nos que sexa competente, fomentando a súa estima e dándolle seguridade e confianza: que se exprese na súa lingua, manifestando os seus coñecementos e as súas habilidades na expresión plástica e musical, na educación física, ou calquera outra área na que non medie de forma relevante a lingua de acollida.

Tamén temos que incorporar unha ambientación que facilite as aprendizaxes: rótulos, nomes das cousas, murais, imaxes, resumos, etc dos temas que se está a estudar ou de situación habituais.

Non esquezamos que o alumnado procedente doutra cultura necesita que o preparen para as novas actividades ou para novas situación escolares que poden resultarlle estrañas: festas, saídas culturais. Tamén debe ser atendido cando se lle propoña unha tarefa diferente aos demais alumnos, guiar e avaliar con el o desenvolvemento dela.

### **5.3.EXEMPLOS CONCRETOS DE ACTIVIDADES NA AULA.**

Se nun primeiro momento o neno non falara español, evitárase o bloqueo utilizando formas de comunicación e relación preverbais. Ten que participar en actividades nas que poida intervir con niveis nulos ou básicos do coñecemento do idioma. Poden ser actividades nas que interveña o tacto, o oído, memorización, xogos, etc.

O obxectivo destas actividades é facilitar o coñecemento inicial e establecer relación afectivas baseadas na aceptación e no recoñecemento mutuo.

Algúns exemplos concretos destas actividades son:

#### **❖ Actividades ou xogos de presentación:**

- Rolda de saúdos
- Pelota quente
- Tearaña

#### **❖ Actividades de coñecemento e comunicación:**

O obxectivo destas actividades é o desenvolvemento da empatía, pñersa no lugar do outro para compréndelo mellor.

##### **1. Elaboración de pictogramas (no caso de que non coñeza o español)**

-Realizar pictogramas na clase de plástica referentes ás distintas dependencias e servizos do centro, tamén a obxectos e rincóns da aula.

-Escribir o nome en castelán e no idioma de orixe.

-Colocar os pictogramas polo centro e amosarlle as distintas dependencias.

##### **2. Nomear ao compañeiro “estrela” (titor)**

-Voluntario

-Rotativo

-Ter en conta en conta se queda ao comedor ,e nos primeiros días ou semanas para favorecer a integración nos grupos de xogos de recreo.

As función do compañeiro “estrela” ou titor son

-Compañeiro de mesa

-Acompañalo nos cambios de clase

-Indicar o que debe facer (será un intermediario das ordes do profesor)

-Estar con el no patio,presentarlle aos seus amigos de xogos e favorecer que participe neles.

-Compañeiro de comedor.

3. Coñecer o país de orixe do alumno.

Se o alumno fala español,será el o que estableza un diálogo co resto dos compañeiros explicando como é o seu país de orixe.

Outras actividades para realizar na aula son:

-Situación no mapa.

-Vídeos sobre o país.

-Costumes.

-Aportación persoal do neno/a e doutros materiais que axuden a coñecer o seu país de orixe.

4. Xogos para favorecer o coñecemento e a comunicación persoal dos alumnos.

- Quen son?

#### ❖ **Actividades de integración e coñecemento de culturas**

Estas actividades teñen como obxectivo decorar e ambientar no espazo da aula e do centro para que sexa máis acolledor e permita por parte de todos coñecer algún aspectos das diferentes culturas que se dan no centro o que favorece a integración destes alumnos. Por exemplo a nivel de ciclo pódese facer un:

#### **-“TALLER DE CULTURAS”**

Trátase de xuntar a todos os nenos dun ciclo e distribuílos por grupos segundo as culturas que nos interese traballar (paya-xitana, sudamericana, chinesa,etc)

Establécese un diálogo inicial entre os alumnos para comprobar os seus coñecementos previos nas diferentes culturas.



A continuación propónselles o traballo dándolles un pequeno guión da información que teñen que buscar de cada cultura (se les proporcionará materiais adecuados para realizar o traballo).

Coa información obtida elaborarán un mural para expoñer e explicar ao resto dos nenos a cultura traballada.

Todos os murais se exporán no centro e poden acompañalos de mostras de artesanía, danzas, cancións...

Tamén poden axudar os país con charlas sobre a súa forma de vida e para contestar ás preguntas se pertencen a algunha das culturas estudadas.

#### **5.4.ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS**

Sempre que sexa posible é aconsellable introducir metodoloxías de traballo cooperativo e realizar actividades en grupo ao longo do curso, posto que favorecen a integración do alumno inmigrante e a cohesión e interacción do resto dos alumnos.

#### **5.5.OBSERVACIÓN INICIAL DO ALUMNO/A**

Durante o primeiro mes , máis ou menos, convén que o titor observe e valore unha serie de comportamentos escolares no alumno inmigrante para facilitar que o alumno poida demostrar todo aquilo que sabe, o que descoñece e no que necesita ser orientado.

Esta observación podémola facer a través dun sinxelo rexistro de observación de condutas e comportamentos escolares que debe cumprimentar o profesor.( ANEXO III)

#### **6.AVALIACIÓN DO ALUMNADO**

A avaliación do alumnado é fundamental para determinar o seu nivel de competencia curricular nas diferentes áreas, determinar as súas dificultades e necesidades e en consecuencia establecer as medidas educativas oportunas que estimulen o seu desenvolvemento e aprendizaxe.

Nun primeiro momento será o titor o que realizará a valoración inicial das competencias do alumno. Deste modo, poderíamos atoparnos con dúas situacións ben diferenciadas:

1. Descoñecemento total ou parcial da lingua vehicular do ensino, caso no que se avaliará a competencia lingüística (ver ANEXO IV).
2. Cando o alumno/a ten un dominio do español e presenta un desfase curricular significativo, caso no que se solicitará a avaliación ao Equipo Psicopedagóxico ou ao Departamento de Orientación. Ao mesmo tempo, o titor, en colaboración co profesorado de apoio, realizará a avaliación da competencia curricular das áreas instrumentais básicas (Lingua e Matemáticas).

## **7.DECISIONS DE INTERVENCIÓN DIDÁCTICA**

1-Os alumnos que descoñezan o español, total ou parcialmente, serán incluídos nun *programa de inmersión lingüística* que desenvolverá o profesor de apoio en colaboración co titor e o profesor de área.

Realizarase prioritariamente fóra da aula respectando a participación do alumno nas áreas que favorezan a súa integración e socialización (Educación Física, Educación Artística,...).

2-Os alumnos con dominio do español (medio, alto) e desfase curricular en diferente grado:

- A. Con desfase curricular significativo (dous o máis anos respecto ao seu nivel de escolarización). Necesitará **Adaptación curricular Individualizada** que elaborará e porá en práctica o titor coa colaboración do profesor de apoio. As sesión de apoio realizaranse dentro da aula prioritariamente. No caso de ser necesario o apoio fóra da aula respectarase a participación do alumno nas áreas que favorezan a súa integración e socialización.
- B. Con desfase curricular inferior a dous anos respecto ao seu nivel educativo precisarán **Reforzo Educativo** elaborado e posto en práctica polo titor, profesores do ciclo e profesor de apoio segundo dispoñibilidade horaria.

## **V.-FASES DO PLAN DE ACOLLIDA:ALUMNOS QUE SE INCORPORAN POR PRIMEIRA VEZ AO SISTEMA ESCOLAR E AS SÚAS FAMILIAS**

1. Unha vez aberto o período de escolarización,o Centro celebra “ unhas xornadas de portas abertas” (2 ou 3 días) para que as familias coñezan as instalacións,as características organizativas e funcionais do Centro,os proxectos que están a levar a cabo e os servizos que se ofertan.
2. Finalizado o período de matriculación,as familias son convocadas a unha reunión xeral onde se tratan os seguintes puntos:
  - A. Benvida e presentación do Equipo Directivo e do Equipo Docente.
  - B. Aspectos pedagóxicos.
  - C. Asignación de titorías.
  - D. Lista de material.
  - E. Recomendacións.
  - F. Rogos e preguntas.
3. Durante os primeiros días de setembro faise entrega dun “tríptico” coa seguinte información:
  - A. Saúdo do Claustro de profesores.
  - B. Relación do profesorado e persoal do Centro.
  - C. Algunhas normas de funcionamento.
  - D. Horario de atención ás familias.
  - E. Servizos do Centro.
  - F. Normas de convivencia.
  - G. Calendario escolar.
4. Seguimento por parte do titor e ,no seu caso da traballadora social e información periódica ás familias a través das entrevistas individuais (día de pais).

## **VI.-FASES DO PLAN DE ACOLLIDA:PROFESORES,OUTROS PROFESIONAIS E PERSOAL NON DOCENTE**

1. Benvida e presentación ao Claustro. (Equipo Directivo)
2. Visita para coñecer as instalacións do Centro. (Persoal dispoñible)

3. Explicación de funcións, horarios e organización xeral do Centro. Entrega da Axenda do Titor. (Xefatura de Estudos)
4. Posta a súa disposición dos documentos de Centro que necesite consultar e aclaración de posibles dúbidas. (Coordinador do Ciclo correspondente)
5. Coordinación pedagóxica cos compañeiros de nivel e ciclo e co Departamento de Orientación.

## **VII.-AVALIACIÓN DO PLAN DE ACOLLIDA**

A Comisión de Coordinación Pedagóxica a través dos Coordinadores de Ciclo ten un papel relevante como dinamizadora e colaborará na difusión desta avaliación.

Esta avaliación realizarase mediante enquisas e cuestionarios que recollan aspectos significativos do Plan de Acollida para valorar a súa eficacia, o seu resultado e para corrixir e introducir as melloras que fosen necesarias de cara ao futuro.

## ANEXO I

### RECOLLIDA DE INFORMACIÓN INICIAL (ALUMNADO INMIGRANTE)

CENTRO \_\_\_\_\_

Curso escolar

#### DATOS PERSOAIS

Nome: \_\_\_\_\_ Apelidos: \_\_\_\_\_  
Data de nacemento: \_\_\_\_\_  
Domicilio: \_\_\_\_\_  
Localidade: \_\_\_\_\_ Teléfono: \_\_\_\_\_  
Nacionalidade: \_\_\_\_\_ Lingua de orixe: \_\_\_\_\_  
Tempo de residencia en España: \_\_\_\_\_

#### DATOS MÉDICOS

Problemas de saúde: \_\_\_\_\_  
Datos evolutivos destacables: \_\_\_\_\_  
Centro de saúde: \_\_\_\_\_  
Nome do pediatra: \_\_\_\_\_

#### DATOS FAMILIARES

Nome da nai: \_\_\_\_\_ Tempo de residencia en España: \_\_\_\_\_  
Nome do pai: \_\_\_\_\_ Tempo de residencia en España: \_\_\_\_\_  
Composición actual do núcleo familiar: \_\_\_\_\_  
Nacionalidade dos pais: \_\_\_\_\_  
Domicilio familiar: \_\_\_\_\_  
Localidade: \_\_\_\_\_ Teléfono: \_\_\_\_\_  
Lingua(s) familiares: \_\_\_\_\_  
A familia entende e/ou fala o galego e/ou castelán (subliñese o que proceda)

**DATOS ACADÉMICOS**

Anos e nivel de escolarización no seu país de procedencia \_\_\_\_\_

¿Estivo escolarizado anteriormente en España? SI  NON  ¿Canto tempo e onde? \_\_\_\_\_

Nivel de coñecementos da súa lingua:

Nivel de coñecementos da lingua galega:

Expresión oral \_\_\_\_\_ Comprensión oral \_\_\_\_\_

Expresión escrita \_\_\_\_\_ Comprensión escrita \_\_\_\_\_

Nivel de coñecementos da lingua castelá:

Expresión oral \_\_\_\_\_ Comprensión oral \_\_\_\_\_

Expresión escrita \_\_\_\_\_ Comprensión escrita \_\_\_\_\_

Coñecementos doutras linguas: \_\_\_\_\_

Soliditude da exención de lingua galega: SI  NON

Nivel de competencia curricular noutras áreas: \_\_\_\_\_

Medidas de atención á diversidade aplicadas anteriormente \_\_\_\_\_

**OBSERVACIÓNS:**

## ANEXO II

<b>ALUMNO TITOR</b>	
Name: _____	
_____	
Tutela a: _____	
_____	

  

<b>ALUMNA TITORA</b>	
Name: _____	
_____	
Tutela a: _____	
_____	

APELLIDOS: _____
NOVE _____ CURSO _____
TUTELA A: _____
DATA DE INICIO: _____

  

<b>FUNCIÓN:</b>
1. Facilitar a integración de _____ evitando que se atope so/soa e illado/a na aula, nos períodos de lecer, no comedor, etc.
2. Presentarlle outros compañeiros e compañeiras, profesorado, persoal non doente, etc.
3. Mostrarlle as instalacións e axudarlle a orientarse no centro os primeiros días. Orientalo tamén sobre aspectos do funcionamento e hábitos de traballo: material, horarios, materias, aulas.
4. Tratar de resolver os problemas iniciais de comunicación.
5. Axudarlle nas tarefas escolares.
6. Colaborar co titor ou titora comunicándolle os problemas que detecte.

  

<b>DIFICULTADES ATOPADAS:</b>

  

<b>ASPECTOS CONSEGUIDOS:</b>

## REXISTRO DE OBSERVACIÓN DE COMPORTAMENTOS ESCOLARES

	HÁBITOS DE ORDE E NORMAS	GRAO DE CONSECUCIÓN		
		SEMPRE	A VECES	NUNCA
1	Cumpre os horarios?			
2	Fai uso correcto dos espazos comúns?			
3	Sobe e baixa as escaleiras con tranquilidade seguindo as ordes oportunas?			
4	Respecta o material dos demais e o común da clase?			
5	Fai uso correcto dos servizos?			
6	Vén ao colexio correctamente aseado?			

		HÁBITOS DE CONVIVENCIA E RELACIÓN	GRAO DE CONSECUCIÓN		
			SEMPRE	A VECES	NUNCA
ALUMNO	1	Xoga e relaciónase cos outros compañeiros na zona de recreo e respecta as normas do xogo?			
	2	Acepta que lle propoñan participar en grupos?			
	3	Busca estar só ou illado?			
	4	Busca só a compañía de compañeiros do seu propio país ou idioma?			
	5	Adopta actitudes agresivas?			
	6	É basicamente pasivo e asertivo?			
COMPAÑEIRO	1	Acéptano?			
	2	Amósanse dispostos a axudarlle?			
	3	Anímanos a xogar e/ou participar nas súas actividades?			
	4	Adoptan unha actitude inicial de acollida pero cansan con rapidez?			
	5	Apareceron actitudes de indiferenza, rexeite, discriminación ou racismo?			



HÁBITOS DE TRABALLO NA AULA		GRAO DE CONSECUCIÓN		
		SEMPRE	A VECES	NUNCA
1	Sabe onde está o material?			
2	Leva todo o material individual necesario?			
3	É coidadoso co material?			
4	Sabe onde ten que colocarse en cada actividade?			
5	Senta correctamente?			
6	Molesta aos compañeiros?			
7	É molestado polos compañeiros?			
8	Manifesta interese polos traballos?			
9	Realiza o traballo con limpeza e boa presentación?			
10	Acaba sempre o traballo?			
11	Pide axuda se a necesita?			
12	Elude facer o traballo se o profesor non lle presta atención?			

**ANEXO III**  
**EVALUACIÓN INICIAL DEL ESPAÑOL COMO SEGUNDA LENGUA**

<b>COMPREENSIÓN Y EXPRESIÓN ORAL</b>				
NI: No iniciado, I: Iniciado, EP: En proceso, C: Conseguido				
	NI	I	EP	C
1. Entiende lo que se le dice con apoyo de gestos e imágenes.				
2. Entiende y realiza órdenes sencillas en clase: abre el libro, siéntate, ven aquí,...				
3. Comprende expresiones sencillas contextualizadas.				
4. Comprende casi todo lo que se le dice.				
5. Repite palabras articuladas correctamente.				
6. Dice palabras sueltas con pausas prolongadas.				
7. Utiliza fórmulas de relación social: saludos, despedidas, decir su nombre y preguntar a los demás.				
8. Utiliza expresiones para pedir permiso y expresar necesidades.				
9. Pide información sobre sí mismo, los demás y sobre los objetos.				
10. Da información sobre sí mismo, los demás y sobre los objetos.				
11. Conoce y utiliza un vocabulario básico relacionado él mismo y su entorno.				
12. Utiliza recursos para controlar la comunicación: puede repetir, más despacio,...				
13. El discurso es entrecortado y poco fluido.				
14. Es capaz de mantener un diálogo sencillo.				
15. Manifiesta gustos y preferencias.				
16. Describe situaciones, objetos y personas.				
17. Narra acontecimientos o cuenta historias.				
18. Habla sobre experiencias y actividades realizadas con anterioridad o que va a hacer en el futuro.				

## EVALUACIÓN INICIAL DEL ESPAÑOL COMO SEGUNDA LENGUA

<i>COMPREENSIÓN Y EXPRESIÓN ESCRITA</i>				
NI: No. iniciado, I: Iniciado, EP: En proceso, C: Conseguido				
	NI	I	EP	C
1 Lee y escribe en su idioma.				
2. Conoce el alfabeto español.				
3. Lee las letras aisladas. Vocales. Consonantes.				
4. Lee palabras aunque no comprenda su significado.				
5. Lee palabras de forma comprensiva.				
6. Lee frases de forma comprensiva.				
7 Lee textos y comprende su significado. (Indicar grado de dificultad y extensión del texto).				
8. Reproduce por escrito las letras: Vocales y consonantes.				
9. Reproduce por escrito palabras.				
10. Reproduce por escrito frases.				
11. Su escritura es legible y presenta una correcta direccionalidad.				
12. Escribe al dictado palabras.				
13. Escribe al dictado frases.				
14. Se expresa por escrito para responder a una pregunta.				
15. Se expresa por escrito para describir situaciones, objetos y personas.				
16 Se expresa por escrito para narrar historias, hechos o expresar ideas.				

